

# PROTOCOLO Covid- 19 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

## Curso 2021-2022

## 1. OBXECTIVO PRINCIPAL DO PLAN

Recoller as medidas COVID que se levarán a cabo durante as actividades extraescolares realizadas dentro das instalación do colexio durante o curso 2021-22 tendo en conta as normas establecidas tanto nas federacións deportivas, clubs ou asociación. Así como o contemplado pola Xunta de Galicia en relación ó centros educativos de Infantil, Primaria e Secundaria.

## 2. MEDIDAS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19

- Ante calquera sintomatoloxía compatible coa COVID-19 ou se o alumno ou monitor estivo en contacto con persoas que puideran ser sospeitosas de padecelo, non poderán acudir a actividade extraescolar baixo ningún concepto.
- Cada alumno levará consigo unha botella de auga identificada co seu nome, así como dúas máscaras, sendo unha delas a de reposto.
- Evitarase compartir material e de ser preciso estará previamente hixienizado e será desinfectado tralo uso. Así coma as mans dos nenos.
- En todo momento a máscara será de uso obrigatorio e recomendable para os nenos e nenas menores de 6 anos sempre que non haxa unha xustificación médica que o exima.
- Os monitores disporán de dispensadores de xel hidroalcohólico así coma de panos desbotables para utilizar no inicio e no fin da actividade. Recordando que se prioriza o uso de auga e xabón para o lavado das mans de todos os integrantes da actividade.
- Deberase contar cunha sinalización visible sobre as medidas hixiénico-sanitarias e de prevención establecidas no desenvolvemento da actividade.
- Manteranse os grupos estables que se conformen ó inicio de curso tendo en conta manter xuntos aos nenos que pertencen ó mesmo curso ou de non ser posible agruparanse por idades próximas.
- Levarase un rexistro diario da asistencia dos alumnos/as.
- Dadas as características de cada actividade, de carácter individual-grupal, o alumnado traballará sempre que sexa posible mantendo a distancia de seguridade.
- As actividades realizarase nun espazo aberto (pavillón, patio de infantil), ou en aulas coa ventilación cruzada ventá-porta (teatro, aula de música, aula de 6º de EI, biblioteca) durante a actividade, e antes e despois da mesma a lo menos dunha duración de 15

minutos.

- Non se permitirá o acceso de acompañantes nin pais/nais.
- Os adestradores recollerán ós alumnos na zona indicada pola dirección e os acompañarán á saída ou á entrada do comedor segundo sexa o horario da actividade.
- Evitaranse agrupamentos de persoas nos accesos das instalacións
- Todas as medidas establecidas neste protocolo poden estar suxeitas a novas medidas establecidas por las autoridades sanitarias en función da evolución epidemiolóxica, polo que son revisables para cumprir coa normativa en cada momento.

### **3. ACTUACIÓN EN CASO DE SOSPEITA DE POSIBLE POSITIVO DURANTE A ACTIVIDADE**

En primeiro lugar afastarase ó neno/a do grupo e trasladarase ao espazo habilitado para tal fin no colexio- 1º RECIBIDOR DA ENTRADA. Aínda que por idade no teña a obriga de levar máscara, o monitor proporcionaralle unha máscara cirúrxica.

O espazo cumpre a normativa especificada segundo o protocolo COVID da Xunta de Galicia para centros educativos.

A continuación avisarase inmediatamente ó seu titor legal de referencia para que acuda a buscalo á maior brevidade posible e será o responsable de poñelo en coñecemento inmediato ó Servicio Galego de Saúde para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade. Así mesmo, informarase do acontecido á coordinadora COVID do colexio a través dun mail: [belen.tizon@salesianas.org](mailto:belen.tizon@salesianas.org)

No caso de confirmarse a sospeita, a empresa informará á coordinadora COVID e ás familias dos alumnos que estiveron en contacto co positivo para que se poñan en contacto coa autoridade sanitaria.

### **4. ACTUACIÓN PARA AS FAMILIAS NO CASO DE CONTACTO CUN POSITIVO EN COVID-19.**

A familia ten a obriga de poñelo en coñecemento dos encargados da actividade á maior brevidade posible para que este actúe segundo o establecido no punto anterior.

O alumno deberá abandonar a actividade extraescolar, salvo que a empresa proporcione unha

*La alegría de crecer juntos*



vía alternativa, ata que cumpra coas medidas e tempos establecidos pola autoridade sanitaria.

Igualmente no caso que un monitor resulte positivo en COVID, informarse inmediatamente ó colexio e se presentará o rexistro de nenos que estivo en contacto con dito monitor.